

**SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA POLO PLENO DO
CONCELLO O DIA 21 / AGOSTO/ 2000**

SUMARIO

- 1.- DECLARACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN PLENARIA
- 2.- MANIFESTACIÓN DE REPULSA POLO ATENTADO DE E.T.A. CON RESULTADO DE MORTE DOS GARDAS CIVÍS D^a. IRENE FERNÁNDEZ PEREDA E D. JOSE ANGEL DE JESÚS ENCINAS.

Na Casa do Concello de Redondela, sendo as doce horas e cinco minutos do día **vinteun de agosto do ano dous mil**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, accidental, D. EMILIO GONZÁLEZ IGLESIAS, e a asistencia dos/as Sres/as Concelleiros/as: D. ALEJANDRO BASTOS FERNÁNDEZ, D. MANUEL IGLESIAS CARRERA, D. CARLOS GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, D^a. AURORA ALONSO MONTEAGUDO, D. MANUEL PUENTES SAAVEDRA, D. LUIS MÍGUEZ BOULLOSA, D. PABLO REBANAL FERNÁNDEZ, D. XOSÉ CARLOS PAZOS DOCAMPO, D. XOSÉ LUIS GRANDE GRANDE e D^a. CECILIA PÉREZ ORGE, actuando como Secretario o funcionario deste Concello, da escala técnica de Administración Xeral, D. BERNARDO SOTO LÓPEZ, que desempeña accidentalmente o cargo de Secretario do Concello, constitúese o Pleno do Concello, en sesión extraordinaria e urxente, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

A Presidencia declara aberta a sesión en primeira convocatoria, procedéndose a trata-los puntos da Orde do Día.-

1.- DECLARACIÓN DE URXENCIA DA PRESENTE SESIÓN

Aberta a sesión pola Presidencia indícase que de conformidade co establecido nos artigos 46.2.b) da Lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 11/99 do 21 de abril, 210.2.b) da Lei 5/97 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia e 79 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, faise preciso o pronunciamento do Pleno sobre a urxencia da convocatoria.


Apreciada esta o Concello Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as Sres/as asistentes acordou ratifica-la urxencia da convocatoria.

2.-MANIFESTACIÓN DE REPULSA POLO ATENTADO DE E.T.A. CON RESULTADO DE MORTE DOS GARDAS CIVÍS D^a. IRENE FERNÁNDEZ PEREDA E D. JOSE ANGEL DE JESÚS ENCINAS.

Pola Presidencia proponse se adopte acordo de condena e repulsa polo atentado terrorista de E.T.A. con resultado de morte dos Gardas Civís D^a. IRENE FERNÁNDEZ PEREDA e D. JOSE ANGEL DE JESÚS ENCINAS, así como expresa-la condolencia da



PEL NOME
CORPORAC
LOCAIS



Serie A N.º 1175912



PEL NUMERADO
CORPORACIÓN
LOCAIS

Corporación os familiares do falecido e a Dirección Xeral da Garda Civil.

O **Concello Pleno**, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as sres/as asistentes acordou prestarlle a súa aprobación a proposta antes transcrita.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia dase por rematada a presente sesión, sendo as doce horas e dez minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que, se estende a presente Acta, que se inscribiu no Libro dende a volta do folio tres do Papel Timbrado da Comunidade Autónoma de Galicia, Serie A nº 1175911, ata o folio catro, Serie A nº 1175912, de todo o que, como Secretario, DOU FE.-

O ALCALDE, ACCTAL

O SECRETARIO, ACCTAL



Asdo: Emilio González Iglesias

Asdo: Bernardo Soto López